

## RESOLUCIÓN DO 30 DE MAIO DE 2023, DA UNIVERSIDADE DE VIGO, POLA QUE SE CONVOCA CONCURSO PÚBLICO DE MÉRITOS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL INVESTIGADOR E DE APOIO Á INVESTIGACIÓN. (CONCURSO PÚBLICO 10/23).

Unha das funcións prioritarias da Universidade de Vigo é a da investigación, a transferencia e a innovación. Para mellorar a actividade investigadora, a Universidade de Vigo precisa a incorporación de persoal especificamente contratado para esas tarefas, ben sexa nos grupos de investigación, ben sexa noutras estruturas relacionadas, como centros de investigación ou institutos de investigación.

Como consecuencia dos cambios lexislativos realizados a través do Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, e do Real Decreto-lei 8/2022, do 5 de abril, polo que se adoptan medidas urxentes no ámbito da contratación laboral do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, a Universidade aprobou na sesión extraordinaria do Consello de Goberno do 9 de xuño de 2022, a Normativa de contratación do persoal investigador da Universidade de Vigo, co obxectivo de adecuar as modalidades contractuais previstas na lei e as normas que as desenvolven ás necesidades e peculiaridades desta universidade, definindo as categorías profesionais, o réxime retributivo e os dereitos e deberes deste persoal, garantindo ademais a homoxeneidade destes contratos no ámbito universitario.

Tal como establece o artigo 4 da devandita Normativa, a selección do persoal a contratar realizarase mediante concursos públicos coas necesarias garantías de publicidade e transparencia, e que se resolverán respectando os principios de igualdade, mérito e capacidade. Para o anterior, consonte ao artigo 6 da Normativa, impulsaranse convocatorias co obxectivo de cubrir programas, proxectos, accións ou actividades que requiran a contratación de persoal laboral mediante financiamento externo obtido a través da participación en convocatorias públicas ou privadas, subscripción de convenios, concesión de subvencións, entre outras.



En virtude do exposto, esta reitoría, en uso das competencias que lle confire a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, e os Estatutos da Universidade de Vigo aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro (DOG do 22 de febreiro), acorda convocar un concurso público de méritos polo procedemento ordinario para contratar persoal que colabore nas actividades de investigación que figuran no anexo II desta Resolución Reitoral, de acordo coas seguintes

## BASES

### 1. NORMAS XERAIS

Este concurso réxese polo disposto na normativa de contratación do persoal investigador da Universidade de Vigo, aprobado por Acordo do Consello de Goberno do 9 de xuño de 2022; nos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro (DOG nº 38, do 22 de febreiro de 2019); na Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril; na Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, no Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto de Traballadores na redacción dada polo Real Decreto-Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo e o resto de normas que as desenvolven, e, supletoriamente, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

### 2. OBXECTO

O obxecto da presente convocatoria é a selección de persoal investigador e de apoio á investigación, coas características especificadas no anexo II, para o desenvolvemento das actividades de investigación que contén con financiamento na Universidade de Vigo, dentro da normativa legal vixente.

O sistema de selección será o de concurso a través da valoración dos méritos especificados no anexo II desta convocatoria.



### 3. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

1. Para seren admitidas as persoas aspirantes, ademais de cumprir, de ser o caso, os requisitos específicos que figuran no anexo II desta convocatoria, deberán posuír no día de remate de presentación de solicitudes e mantelos ata a formalización do contrato, os seguintes requisitos:
  - a) Ter a nacionalidade española ou calquera outra á que as normas do Estado atribúan iguais dereitos a efectos laborais na Administración Pública.
  - b) Dispor da titulación indicada e cumprir o resto de requisitos publicados coa convocatoria da oferta de contrato.
  - c) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
  - d) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desenvolvemento das correspondentes funcións ou tarefas.
  - e) Non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos e cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, na que fora separado ou inhabilitado.
2. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitada ou en situación equivalente nin ter sido sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
3. Non se esixen requisitos específicos no referente á nacionalidade ou residencia das persoas aspirantes para a participación nos concursos. Non obstante, a contratación de persoas investigadoras estranxeiras de países non comunitarios, condiciónase á obtención dos permisos esixidos na normativa sobre estranxeiría, polo que as datas de inicio dos contratos que se establezan nas convocatorias poderían retrasarse en función dos prazos para a obtención dos devanditos permisos.



4. As persoas aspirantes non deberán estar incursas en ningunha das causas de incompatibilidade previstas na lexislación vixente sobre incompatibilidades para contratar coa Administración Pública.

#### 4. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

A presentación de solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/>), entrando en Procedementos e trámites/PAS/PDI e premendo no enlace **UCPI 1023- Concurso de méritos para a contratación de persoal investigador** e deberán indicar no asunto UNICAMENTE a REFERENCIA DA OFERTA.

De xeito excepcional para este procedemento, unicamente as persoas estranxeiras extracomunitarias poderán usar medios de identificación electrónicos alternativos, para o cal deben iniciar o procedemento enviando un correo electrónico a [estranxeiros@uvigo.gal](mailto:estranxeiros@uvigo.gal)

O prazo de presentación comezará ao día seguinte da publicación desta convocatoria no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>) e rematará ás 23:59 horas do **6 de xuño de 2023**.

Xunto coa solicitude deberán subir os seguintes documentos:

- Currículum vítae.
- Declaración responsable (anexo I) de cumprimento dos requisitos establecidos nas bases da presente convocatoria e da veracidade dos datos achegados no currículum vítae.

#### 5. ADMISIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES

Recibidas as solicitudes na Unidade de contratación de persoal investigador (UCPI), serán revisadas conforme ao establecido nas bases da convocatoria, procedendo á publicación no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml> da lista provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso.



As persoas aspirantes excluídas ou que non figuren na relación de persoas admitidas, disporán dun prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da devandita resolución, para poder emendar os defectos ou acompañar os documentos que motivaron a súa exclusión, a través do procedemento *SXER – Alegacións*. A alegación farase unicamente a través da sede electrónica da Universidade de Vigo.

As persoas aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a ser incluídas na relación de persoas admitidas, serán definitivamente excluídas. A listaxe definitiva publicarase no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non implicará reconecer ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos, de xeito que a constatación de que non os posúen producirá o seu decaemento de todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación.

## 6. COMISIÓN DE SELECCIÓN

Constituirase unha comisión para valorar os méritos das persoas candidatas, cuxa composición se publicará no anexo II en cada oferta de contrato de traballo.

A devandita comisión estará constituída pola persoa que figure como investigadora principal solicitante, que a presidirá, e dúas persoas expertas no ámbito do traballo a realizar, cunha titulación igual ou superior á requirida para a praza convocada, actuando unha delas como secretario/a.

Todas as persoas membros da comisión serán persoal da Universidade de Vigo e estarán suxeitas ao cumprimento da lexislación vixente sobre abstención e recusación recollidos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. No caso de que se dea esta situación, publicarase unha resolución de nomeamento dos novos membros no taboleiro electrónico indicado na base 5.

## 7. PROCESO SELECTIVO. RESOLUCIÓN E FORMALIZACIÓN



A selección das persoas candidatas farase salvagardando os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade pola correspondente comisión de selección, tendo en conta as solicitudes e currículos presentados así como os criterios de valoración publicados.

A comisión de selección terá un prazo máximo de 7 días hábiles desde a publicación da lista definitiva de admitidos e excluídos para realizar a proposta de adxudicación, que recollerá a orde de prelación das persoas aspirantes consideradas aptas xunto coa puntuación acadada. A unidade responsable da provisión de postos do persoal investigador publicará a resolución provisional de adxudicación, nun prazo máximo de 7 días hábiles, contra a que se poderá reclamar no prazo de 3 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación.

A comisión de selección poderá declarar nulo o concurso cando os méritos dos candidatos non se axusten ao perfil da praza.

A UCPI publicará a resolución provisional de adxudicación no taboleiro electrónico sinalado na base 5, contra a que se poderá reclamar no prazo de tres (3) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación.

Unha vez resoltas as reclamacións polas comisións de selección, a UCPI publicará a resolución definitiva de adxudicación no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo.

A relación ordenada de persoas declaradas aptas na proposta de provisión que non resulten adxudicatarias do contrato constituirá unha lista de agarda para asegurar a cobertura do contrato, e tamén poderá ser utilizada para a provisión doutras necesidades de persoal que poidan xurdir na mesma liña de investigación. A xestión destas listas de agarda rexerá polo procedemento que a Universidade de Vigo estableza, con carácter xeral, para as listas de agarda de PDI.

A resolución de adxudicación do contrato, será asinada pola vicerreitora con competencias en materia de investigación, por delegación do reitor, e indicará o prazo para que a persoa seleccionada formalice o contrato.

## 8. RECURSOS

Contra esta convocatoria, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende



o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

## 9. NORMA DERRADEIRA

Os actos administrativos que se deriven da presente resolución e das actuacións das comisións de selección poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e na forma establecidos na Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Polo feito de participar no presente proceso selectivo, as persoas aspirantes sométense ás bases desta convocatoria e ao seu desenvolvemento, así como ás decisións que adopten as comisións de selección, sen prexuízo das reclamacións pertinentes. As comisións de selección están facultadas para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a correcta orde do concurso de méritos, en todo o non previsto nas bases.

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da administración actuante ou elaborados polas administracións actuantes, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- NIF, NIE ou pasaporte da persoa solicitante.
- Títulos oficiais universitarios.
- Títulos oficiais non universitarios.

No caso de que as persoas solicitantes se opoñan á consulta, deberán indicalo na solicitud e achegar a documentación.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos devanditos datos, poderase solicitar ás persoas solicitantes a presentación da documentación correspondente.



De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados na solicitude serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a tramitación deste procedemento selectivo e amparados pola Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, a Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades e os estatutos da Universidade de Vigo.

Coa súa participación nesta convocatoria as persoas interesadas autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza desta convocatoria. Non obstante, e co fin de prever riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, a persoa afectada comunicará esta circunstancia coa maior celeridade á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo (986 813419 e [igualdade@uvigo.es](mailto:igualdade@uvigo.es)).

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e se conservarán durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

Vigo, 30 de maio de 2023

María Belén Rubio Armesto,

Vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación  
(Por delegación do reitor, RR 22/06/2022 – DOG do 06/07)





## ANEXO I - DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CUMPRIMENTO DE REQUISITOS CONVOCATORIA DE CONCURSO PÚBLICO DE MÉRITOS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL INVESTIGADOR E DE APOIO Á INVESTIGACIÓN

DATOS DA PERSOA INTERESADA		
NOME E APELIDOS		
NIF/NIE/PASAPORTE	CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO
<p>Conforme ao artigo 69.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a persoa abaixo asinante <b>DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE</b> que cumpre cos seguintes requisitos de admisión indicados na base 3 e 4 da convocatoria, na data de remate do prazo de presentación de solicitudes e que os manterá durante todo o proceso selectivo:</p> <p>a) A veracidade dos datos achegados no currículo vitae.</p> <p>b) Ter a nacionalidade española ou calquera outra á que as normas do Estado atribúan iguais dereitos a efectos laborais na Administración Pública.</p> <p>c) Dispor da titulación indicada e cumprir o resto de requisitos publicados coa convocatoria da oferta de contrato.</p> <p>d) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.</p> <p>e) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desenvolvemento das correspondente funcións ou tarefas.</p> <p>f) Non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos e cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, na que fora separado ou inhabilitado.</p> <p>g) Non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade previstas na lexislación vixente sobre incompatibilidades para contratar coa Administración Pública.</p>		

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Sinatura da persoa interesada



REFERENCIA DA OFERTA 1023-109962

GALEGO – 1

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTO DE INVESTIGACIÓN	
Denominación do proxecto ou actividade	Contrato indefinido vinculado á liña de investigación
Investigador principal	Adela Mª Sánchez Moreiras
Liña de investigación	<b>Manexo sustentable de malas herbas</b>
Referencia	
Departamento	C02 Bioloxía vexetal e ciencias do solo
Partida orzamentaria	Segundo addendas ao contrato

CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS	
Tipo de contrato	Contrato de actividades científico-técnicas (art 23bis Lei da Ciencia). Duración indefinida
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Contacto cos agricultores, traballo de campo en agroecoloxía, e estudo dos modos de acción de compostos naturais
Funcións a realizar	Recabar información das comunidades agrícolas de Galicia sobre a xestión de malas herbas, implementar estratexias agroecolóxicas en estudos de campo e estudar o modo de acción de compostos naturais con capacidade bioherbicida
Retribución bruta mensual	1.800,00 € (incluído o prorrateo das pagas extraordinarias)
Data de inicio prevista	A partir da resolución desta convocatoria. Na data que se establezca na mesma
Xornada laboral	Tempo completo (37.5 h/semana)
Categoría laboral	Investigador modalidade B (Titulación Universitaria Superior)
Centro de traballo	FACULDADE DE BIOLOXIA DE VIGO
Duración do contrato	indefinida

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS	
TITULACIÓN REQUIRIDA	Titulación en Bioloxía e coñecementos certificados do idioma Galego (CELGA 4 ou superior)

MÉRITOS A VALORAR***		
ITEM	CONCEPTO	PUNTOS
Item nº1	Coñecemento demostrado de traballo con cultivos alelopáticos	25
Item nº2	Coñecemento demostrado de traballo con técnicas de microscopía confocal	20
Item nº3	Experiencia na xestión de proxectos europeos	25
Item nº4	Publicacións en JCR	15
Item nº5	Entrevista. A entrevista realizarase unicamente a/aos candidatos/as que na suma dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	15

COMISIÓN DE SELECCIÓN	
Presidente/a	Adela M. Sánchez Moreiras
Secretario/a	David Fernández Calviño
Vogal	Manuel J. Reigosa Roger
(suplente)	Rogelio Santiago Carabelos

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato

\*\*\*Se un dos ítems é *Entrevista*, so se realizará as persoas que na suma dos méritos obteñan un mínimo de 50 puntos.



REFERENCIA DA OFERTA **1023-110162**

GALEGO – 2

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTO DE INVESTIGACIÓN	
Denominación do proxecto ou actividade	Contrato indefinido vinculado á liña de investigación
Investigador principal	Camilo José Carrillo González
Liña de investigación	<b>Sistemas de eficiencia enerxética</b>
Referencia	
Departamento	T02 Enxeñaría eléctrica
Partida orzamentaria	Segundo addendas ao contrato

CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS	
Tipo de contrato	Contrato de actividades científico-técnicas (art 23bis Lei da Ciencia). Duración indefinida
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Análise, simulación e deseño de sistemas autónomos de subministración de enerxía eléctrica.
Funcións a realizar	Análise e simulación de sistemas illados con almacenamento de enerxía. Deseño de sistemas illados con baterías e enerxías renovables Implementación de prototipos
Retribución bruta mensual	1.750,00 € (incluído o prorrateo das pagas extraordinarias)
Data de inicio prevista	A partir da resolución desta convocatoria. Na data que se establezca na mesma
Xornada laboral	Tempo completo (37.5 h/semana)
Categoría laboral	Investigador modalidade B (Titulación Universitaria Superior)
Centro de traballo	ESCOLA DE ENXEÑARÍA INDUSTRIAL DE VIGO
Duración do contrato	indefinida

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS	
TITULACIÓN REQUIRIDA	Grao en Enxeñaría Eléctrica, Grao en Enxeñaría da Enerxía, Grao en Electrónica Industrial e Automática ou titulación afíns.

MÉRITOS A VALORAR***		
ITEM	CONCEPTO	PUNTOS
Item nº1	Méritos Xerais: Formación académica afín á temática do proxecto. Valoraranse máster afíns (Enerxía, Mecatrónica, Enx. Industria...).	40
Item nº2	Méritos Específicos I: Coñecemento en sistemas fotovoltaicos e baterías: análise enerxética e dimensionamento	15
Item nº3	Méritos Específicos II: Deseño e implementación de sistemas eléctricos ou electrónicos	15
Item nº4	Méritos Específicos III: Programación, preferentemente Matlab	15
Item nº5	Entrevista persoal (realizarase só aos tres candidatos con maior puntuación nos outros epígrafes)	15

COMISIÓN DE SELECCIÓN	
Presidente/a	Camilo José Carrillo González
Secretario/a	José Cidrás Pidre
Vogal	Blanca N. Miranda Blanco
(suplente)	Julio Garrido Campos

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato

\*\*\*Se un dos ítems é *Entrevista*, so se realizará as persoas que na suma dos méritos obteñan un mínimo de 50 puntos.



REFERENCIA DA OFERTA **1023-110163**

GALEGO – 3

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTO DE INVESTIGACIÓN	
Denominación do proxecto ou actividade	Contrato indefinido vinculado á liña de investigación
Investigador principal	Camilo José Carrillo González
Liña de investigación	<b>Enerxías renovables mariñas</b>
Referencia	
Departamento	T02 Enxeñaría eléctrica
Partida orzamentaria	Segundo addendas ao contrato

CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS	
Tipo de contrato	Contrato de actividades científico-técnicas (art 23bis Lei da Ciencia). Duración indefinida
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Análise, modelado e simulación de sistemas renovables mariños
Funcións a realizar	Análise e simulación de sistemas de xeración Análise de recurso enerxético no ámbito da enerxía mariña. Desenvolvemento de modelos para a súa integración en xemello dixital
Retribución bruta mensual	1.750,00 € (incluído o prorrateo das pagas extraordinarias)
Data de inicio prevista	A partir da resolución desta convocatoria. Na data que se establezca na mesma
Xornada laboral	Tempo completo (37.5 h/semana)
Categoría laboral	Investigador modalidade B (Titulación Universitaria Superior)
Centro de traballo	ESCOLA DE ENXEÑARÍA INDUSTRIAL DE VIGO
Duración do contrato	indefinida

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS	
TITULACIÓN REQUIRIDA	Grao en Enxeñaría Eléctrica, Grao en Enxeñaría da Enerxía, Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática ou titulacións afíns

MÉRITOS A VALORAR***		
ITEM	CONCEPTO	PUNTOS
Item nº1	Méritos Xerais: Formación académica afín á temática do proxecto. Valoraranse másters afíns (Enerxía, Mecatrónica...)	40
Item nº2	Méritos Específicos I: Coñecemento en sistemas de xeración: análise enerxética e dimensionamento	15
Item nº3	Méritos Específicos II: Coñecemento en simulación dinámica de sistemas mecánicos e/ou hidrodinámicos	15
Item nº4	Méritos Específicos III: Programación, preferentemente Matlab	15
Item nº5	Entrevista persoal (poderase realizar só aos tres candidatos con maior puntuación nos outros epígrafes)	15

COMISIÓN DE SELECCIÓN	
Presidente/a	Camilo José Carrillo González
Secretario/a	José Cidrás Pidre
Vogal	Blanca N. Miranda Blanco
(suplente)	Julio Garrido Campos

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato

\*\*\*Se un dos ítems é *Entrevista*, so se realizará as persoas que na suma dos méritos obteñan un mínimo de 50 puntos.



**REFERENCIA DA OFERTA** **1023-110536**

**GALEGO – 4**

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTO DE INVESTIGACIÓN	
Denominación do proxecto ou actividade	Contrato indefinido vinculado á liña de investigación
Investigador principal	David Fernández Calviño
Liña de investigación	<b>Economía circular</b>
Referencia	
Departamento	C02 Bioloxía vexetal e ciencias do solo
Partida orzamentaria	Segundo addendas ao contrato

CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS	
Tipo de contrato	Contrato de actividades científico-técnicas (art 23bis Lei da Ciencia). Duración indefinida
Número de prazas	1
Traballo a realizar	En xeral, participar nas actividades de investigación de Economía Circular desenvolvidas polo grupo de investigación GEN (por exemplo, o futuro modelo económico descarbonizado). Prestando especial atención ás actividades vinculadas ó WP7 do proxecto ReNaturAgri para avaliar ambiental e socioeconómicamente solucións baseadas na natureza.
Funcións a realizar	Desenvolver a análise económica (beneficios e custos) dos impactos ambientais a partir de diferentes alternativas experimentais desenvolvidas no proxecto ReNaturAgri, seguindo a metodoloxía xa desenvolvida no proxecto. Participar en actividades de investigación e xestión de proxectos de Economía Circular desenvolvidos por GEN (por exemplo, no deseño do futuro modelo económico descarbonizado).
Retribución bruta mensual	2.061,00 € (incluído o prorrateo das pagas extraordinarias)
Data de inicio prevista	A partir da resolución desta convocatoria. Na data que se establezca na mesma
Xornada laboral	Tempo completo (37.5 h/semana)
Categoría laboral	Investigador modalidade B (Titulación Universitaria Superior)
Centro de traballo	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo - Ourense
Duración do contrato	indefinida

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS	
TITULACIÓN REQUIRIDA	Grao universitario en ciencias, enxeñería, economía ou ADE

MÉRITOS A VALORAR***		
ITEM	CONCEPTO	PUNTOS
Item nº1	Experiencia en investigación e xestión de proxectos. Idiomas: falar e escribir en inglés, e tamén en Galego para participar de xeito adecuado na recollida de información. Coñecemento en programación e simulación basados na álgebra matemática (por exemplo GAMS, Phyton ou R, etc.).	40
Item nº2	Experiencia relacionada co traballo a desenvolver: Análise Custo Beneficio, Análise do Ciclo de Vida, Economía Circular, Enerxía e Descarbonización.	45
Item nº3	Entrevista persoal	15
Item nº4		
Item nº5		

COMISIÓN DE SELECCIÓN	
Presidente/a	David Fernández Calviño
Secretario/a	Miguel Rodríguez Méndez
Vogal	Elena Rivo López
(suplente)	Mónica Villanueva Villar

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato

\*\*\*Se un dos ítems é *Entrevista*, so se realizará as persoas que na suma dos méritos obteñan un mínimo de 50 puntos.



**REFERENCIA DA OFERTA** **1023-107886**

**GALEGO – 5**

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTO DE INVESTIGACIÓN	
Denominación do proxecto ou actividade	Programa de ciencias mariñas-Plan complementario de i+d+i
Investigador principal	Elena Ojea Fernández-Colmeiro
Liña de investigación	<b>Xestión sostible de recursos mariños</b>
Referencia	CienciasMariñas-MRR
Departamento	X06 Economía aplicada
Partida orzamentaria	Segundo addendas ao contrato

CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS	
Tipo de contrato	Contratos para a realización de proxectos e para a execución de plans (art 32bis Lei da Ciencia). Duración indefinida
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Tarefas de investigación relacionadas coa xestión sostible de recursos mariños
Funcións a realizar	En coordinación co grupo FOL, a/o candidata/o realizará as seguintes tarefas aínda que non limitadas a: participación activa en proxectos de investigación sobre a sostibilidade dos recursos mariños, incluíndo análises sobre as estratexias de xestión e de risco climático. O traballo centrarase no deseño e desenvolvemento de índices de sostenibilidade e risco, coa selección e análise de variables ambientais identificadas como ameazas, recopilación de datos biolóxicos e ecolóxicos dos recursos de interese, e datos socio-económicos. Ademais, traballará na valoración económica de recursos mariños e as implicacións para a xestión sostible. Para iso, realizará traballos de revisión bibliográfica, meta-análise e/ou uso de software especializado. As tarefas tamén implican coordinación de actores e consulta a expertos con enquisas, entrevistas e/ou grupos de discusión. Ademais de colaborar na elaboración de protocolos metodolóxicos, e ferramentas web, e nas actividades de transferencia
Retribución bruta mensual	1.800,00 € (incluído o prorrateo das pagas extraordinarias)
Data de inicio prevista	A partir da resolución desta convocatoria. Na data que se establezca na mesma
Xornada laboral	Tempo completo (37.5 h/semana)
Categoría laboral	Técnico Superior de apoio á investigación modalidade B (Titulación Universitaria Superior)
Centro de traballo	CACTI-CINBIO VIGO
Duración do contrato	indefinida

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS	
TITULACIÓN REQUIRIDA	Master en Ciencias ambientais, ciencias sociais, Economía ou campos afíns

MÉRITOS A VALORAR***		
ITEM	CONCEPTO	PUNTOS
Item nº1	Formación académica relacionada coa descripción do posto de traballo e coñecemento de idiomas (requírese nivel medio-alto de inglés e valorarase idioma galego)	20
Item nº2	Experiencia profesional e adecuación do CV da/o candidata/o as funcións a realizar (Experiencia demostrable nalgún dos seguintes campos: estudo da xestión de recursos mariños, deseño e efectos das áreas mariñas protexidas, estudos de vulnerabilidade e riscos de , valoración económica de recursos e/ou traballo con índices socio-ecolóxicos. Requírese destreza na análise de datos e programación con R, Phyton ou similar, e uso avanzado de Excel. Valorarase experiencia no eido mariño, o uso de Github ou similar, a análise espacial con R ou GIS, o deseño e realización de enquisas ou talleres participativos, e a comunicación e divulgación de resultados científicos)	50
Item nº3	Carta de Motivación (en inglés e 800 palabras max.) indicando porque o seu perfil é o indicado para o posto e a súa motivación para avanzar na súa carreira profesional neste posto	20
Item nº4	Entrevista persoal (3 candidatos máximo)	10

COMISIÓN DE SELECCIÓN	
Presidente/a	Elena Ojea Fernández-Colmeiro
Secretario/a	Juan Bueno Pardo
Vogal	Julia Ameneiro Riballo
(suplente)	Xochitl Elías Ilosvay

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato

\*\*\*Se un dos ítems é *Entrevista*, so se realizará as persoas que na suma dos méritos obteñan un mínimo de 50 puntos.



**REFERENCIA DA OFERTA** **1023-107995**

**GALEGO – 6**

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTO DE INVESTIGACIÓN	
Denominación do proxecto ou actividade	CASTRO - Communication And Spatial Tracking RadiO. Financiado por MCIN/AEI/10.13039/501100011033/ y por FEDER Una manera de hacer Europa.
Investigador principal	Felipe Gómez Cuba
Liña de investigación	<b>Procesado de sinal en 5G</b>
Referencia	PID2021-122483OA-I00
Departamento	T14 Teoría do sinal e comunicacións
Partida orzamentaria	Segundo addendas ao contrato

CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS	
Tipo de contrato	Contratos para a realización de proxectos e para a execución de plans (art 32bis Lei da Ciencia). Duración indefinida
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Implementación de extensións para unha librería python de compressed sensing channel estimation
Funcións a realizar	O candidato será responsable do desenvolvemento dunha serie de funcións que executen un algoritmo de tipo Basis Pursuit para a estimación dunha canle 5G mmwave. Deberá realizar a integración desta función dentro dun repositorio software do proxecto CASTRO. Deberá participar no deseño da arquitectura do software desenvolvido, especialmente as interfaces entre a función desenvolvida e os outros módulos do proxecto. Así mesmo, produciranse scripts de simulación demo, tutoriais e documentación para o usuario do software desenvolvido.
Retribución bruta mensual	790,00 € (incluído o prorrateo das pagas extraordinarias)
Data de inicio prevista	A partir da resolución desta convocatoria. Na data que se establezca na mesma
Xornada laboral	18,75 horas/semana
Categoría laboral	Técnico Grado Medio de apoio á investigación modalidade C
Centro de traballo	ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE TELECOMUNICACION DE VIGO
Duración do contrato	indefinida

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS	
TITULACIÓN REQUIRIDA	Graduado en enxeñaría de telecomunicacións, electrónica, informática, física, matemáticas ou similar

MÉRITOS A VALORAR***		
ITEM	CONCEPTO	PUNTOS
Item nº1	Formación en enxeñaría de telecomunicacións, electrónica, informática, física, matemática ou similar	20
Item nº2	Cñecementos de comunicacións dixitais, procesado do sinal, capa física e MAC	20
Item nº3	Programación de alto nivel /orientada a obxectos / Python / Software Libre	20
Item nº4	Cñecementos de Alxebra lineal, optimización, estimación e estadística	20
Item nº5	Documentación técnica en Inglés	20

COMISIÓN DE SELECCIÓN	
Presidente/a	Felipe Gómez Cuba
Secretario/a	Roberto López Valcarcel
Vogal	Carlos Mosquera Nartallo
(suplente)	Fernando Perez González

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato

\*\*\*Se un dos ítems é *Entrevista*, so se realizará as persoas que na suma dos méritos obteñan un mínimo de 50 puntos.



**REFERENCIA DA OFERTA** **1023-109131**

**GALEGO – 7**

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTO DE INVESTIGACIÓN	
Denominación do proxecto ou actividade	Tecnología de Inyección de Ozono para Purificación de Gases de Escape (03-INTEGAP)
Investigador principal	María Concepción Paz Penín
Liña de investigación	<b>Emisións Cero</b>
Referencia	PDC2021-121778-I00
Departamento	T03 Enxeñaría mecánica, máquinas e motores térmicos e fluídos
Partida orzamentaria	Segundo addendas ao contrato

CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS	
Tipo de contrato	Contratos para a realización de proxectos e para a execución de plans (art 32bis Lei da Ciencia). Duración indefinida
Número de prazas	3
Traballo a realizar	Apoio a tarefas de viabilidade técnica de tecnoloxía de inxección de ozono
Funcións a realizar	Xunto co equipo de investigación prestará apoio nas tarefas de: integración e caracterización de sistemas físicos, integración e caracterización de sistemas de control, selección de compoñentes, deseño e construción, validación, etc.
Retribución bruta mensual	1.400,00 € (incluído o prorrateo das pagas extraordinarias)
Data de inicio prevista	A partir da resolución desta convocatoria. Na data que se establezca na mesma
Xornada laboral	Tempo completo (37.5 h/semana)
Categoría laboral	Técnico Especialista de apoio á investigación modalidade D (Bacharelato, FP2)
Centro de traballo	ESCOLA DE ENXEÑARÍA INDUSTRIAL DE VIGO
Duración do contrato	indefinida

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS	
TITULACIÓN REQUIRIDA	Ciclo Superior en Automoción, Mecatrónica ou Titulación equivalente

MÉRITOS A VALORAR***		
ITEM	CONCEPTO	PUNTOS
Item nº1	Experiencia Profesional: Traballo desenvolvido relacionado co perfil da praza	50
Item nº2	Formación: Alumnado do último curso universitario de titulación de Grao en Enxeñaría Mecánica/Eléctrica	20
Item nº3	Formación: Outros méritos xenéricos adecuados para o traballo, como: coñecementos de idiomas, cursos, etc	15
Item nº4	Entrevista	15
Item nº5		

COMISIÓN DE SELECCIÓN	
Presidente/a	María Concepción Paz Penín
Secretario/a	Eduardo Suárez Porto
Vogal	Marcos Conde Fontenla
(suplente)	Miguel Concheiro Castiñeira

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato

\*\*\*Se un dos ítems é *Entrevista*, so se realizará as persoas que na suma dos méritos obteñan un mínimo de 50 puntos.





**REFERENCIA DA OFERTA** **1023-109593**

GALEGO – 8

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTO DE INVESTIGACIÓN	
Denominación do proxecto ou actividade	Grupos de referencia competitiva-XB5. GRC-ED431C 2022/26. Axudas para a consolidación de unidades de investigación competitivas, convocatoria 2022
Investigador principal	Diana Valverde Pérez
Liña de investigación	<b>Xenómica aplicada a enfermidades e patóxenos</b>
Referencia	GRC-ED431C 2022/26
Departamento	C03 Bioquímica, xenética e inmunoloxía
Partida orzamentaria	Segundo addendas ao contrato

CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS	
Tipo de contrato	Contratos para a realización de proxectos e para a execución de plans (art 32bis Lei da Ciencia). Duración indefinida
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Manipulación de mostras biolóxicas e análise molecular e celular
Funcións a realizar	"Mantemento de cultivos celulares: líneas celulares, primarios Mantemento do stock e inventario de reactivos del laboratorio Tarefas de esterilización e mantemento básico do cuarto de cultivo Organización e almacenamento de mostras biolóxicas Apoio na aplicación de protocolos de bioloxía molecular, xenómica e transcriptómica Aislamiento de ADN e ARN Técnicas de xenómica e transcriptómica: scWGA,PCR, qPCR, RT-PCR Determinación da concentración e calidade de mostras de ADN e ARN, e de librerías de secuenciación Preparación de librerías para Next-Generation Sequencing (NGS): tecnoloxías de Ion Torrent, Illumina, etc. Estar informado e manterse ao día das novidades técnicas en NGS relacionadas coa preparación de librerías e secuenciación"
Retribución bruta mensual	1.460,96 € (incluído o prorrateo das pagas extraordinarias)
Data de inicio prevista	A partir da resolución desta convocatoria. Na data que se establezca na mesma
Xornada laboral	Tempo completo (37.5 h/semana)
Categoría laboral	Técnico Especialista de apoio á investigación modalidade D (Bacharelato, FP2)
Centro de traballo	CACTI-CINBIO VIGO
Duración do contrato	indefinida

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS	
TITULACIÓN REQUIRIDA	Técnico superior de laboratorio (FP): titulación afín a Biomedicina

MÉRITOS A VALORAR***		
ITEM	CONCEPTO	PUNTOS
Item nº1	Formación académica	15
Item nº2	Experiencia profesional superior a 3 anos en universidades, organismos públicos ou empresas	15
Item nº3	Experiencia acreditable relacionada co traballo a desenvolver. Valorarase ademais a experiencia en citometría de fluxo e técnicas de célula única.	55
Item nº4	Entrevista persoal: A entrevista realizarase unicamente aos 5 candidatos/as coa maior puntuación que na suma dos méritos 01-03 acaden un mínimo de 50 puntos.	15
Item nº5		

COMISIÓN DE SELECCIÓN	
Presidente/a	Diana Valverde Pérez
Secretario/a	David Posada González
Vogal	Mª Carmen Rodríguez Argüelles
(suplente)	Miguel Arenas Busto

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato

\*\*\*Se un dos ítems é *Entrevista*, so se realizará as persoas que na suma dos méritos obteñan un mínimo de 50 puntos.



REFERENCIA DA OFERTA 1023-109934

GALEGO – 9

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTO DE INVESTIGACIÓN	
Denominación do proxecto ou actividade	Desarrollo de dispositivos inteligentes de modelado y optimización energética de edificios.
Investigador principal	PABLO EGUÍA OLLER
Liña de investigación	<b>Eficiencia Enerxética na Edificación</b>
Referencia	PDC2022-133719-I00
Departamento	T03 Enxeñaría mecánica, máquinas e motores térmicos e fluídos
Partida orzamentaria	Segundo addendas ao contrato

CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS	
Tipo de contrato	Contratos para a realización de proxectos e para a execución de plans (art 32bis Lei da Ciencia). Duración indefinida
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Desenvolvemento de dispositivos electrónicos de monitorización ambiental
Funcións a realizar	Prototipado de dispositivos: deseño de placas de circuitos integrados, programación da comunicación entre dispositivos e a nube.
Retribución bruta mensual	1.500,00 € (incluído o prorrateo das pagas extraordinarias)
Data de inicio prevista	A partir da resolución desta convocatoria. Na data que se establezca na mesma
Xornada laboral	Tempo completo (37.5 h/semana)
Categoría laboral	Técnico Especialista de apoio á investigación modalidade D (Bacharelato, FP2)
Centro de traballo	E.T.S. DE ENXEÑEIROS INDUSTRIALES DE VIGO
Duración do contrato	indefinida

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS	
TITULACIÓN REQUIRIDA	FP2 en Informática y Comunicaciones

MÉRITOS A VALORAR***		
ITEM	CONCEPTO	PUNTOS
Item nº1	Experiencia Profesional: Traballo desenvolvido relacionado co traballo e funcións a realizar	30
Item nº2	Formación: Estudos universitarios ou outras titulacións relacionadas co traballo a desenvolver	30
Item nº3	Formación Específica: Programación en Python e programación de microcontroladores	25
Item nº4	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/aos 3 candidatos que teñan mellor valoración	15
Item nº5		

COMISIÓN DE SELECCIÓN	
Presidente/a	PABLO EGUÍA OLLER
Secretario/a	RAQUEL PÉREZ OROZCO
Vogal	ENRIQUE GRANADA ÁLVAREZ
(suplente)	JACOBO PORTEIRO FRESCO

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato

\*\*\*Se un dos ítems é *Entrevista*, so se realizará as persoas que na suma dos méritos obteñan un mínimo de 50 puntos.



REFERENCIA DA OFERTA 1023-110300

GALEGO – 10

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTO DE INVESTIGACIÓN	
Denominación do proxecto ou actividade	Sustainability And Resilience for Infrastructure and Logistics networks
Investigador principal	Higinio González JORge
Liña de investigación	<b>Técnicas fotogramétricas para a enxeñaría do transporte</b>
Referencia	SARIL
Departamento	T06 Enxeñaría dos recursos naturais e medio ambiente
Partida orzamentaria	Segundo addendas ao contrato

CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS	
Tipo de contrato	Contratos para a realización de proxectos e para a execución de plans (art 32bis Lei da Ciencia). Duración indefinida
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Desenvolvemento de ferramentas GIS aplicadas a enxeñaría do transporte
Funcións a realizar	- Manexo de datos meteorolóxicos. - Teledetección satélite. - Teledetección con drones. - GIS.
Retribución bruta mensual	2.300,00 € (incluído o prorrateo das pagas extraordinarias)
Data de inicio prevista	A partir da resolución desta convocatoria. Na data que se establezca na mesma
Xornada laboral	Tempo completo (37.5 h/semana)
Categoría laboral	Técnico Grado Medio de apoio á investigación modalidade C
Centro de traballo	ESCOLA DE ENXEÑARÍA AERONAUTICA E DO ESPAZO DE OURENSE
Duración do contrato	indefinida

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS	
TITULACIÓN REQUIRIDA	Enxeñaría Técnica Agrícola

MÉRITOS A VALORAR***		
ITEM	CONCEPTO	PUNTOS
Item nº01	Formación académica	30
Item nº02	Experiencia profesional previa	55
Item nº03	Entrevista persoal	15
Item nº04		
Item nº05		

COMISIÓN DE SELECCIÓN	
Presidente/a	Higinio González Jorge
Secretario/a	María de las Nieves Lorenzo González
Vogal	María Inés Álvarez Fernández
(suplente)	Angel Paredes Galán

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato

\*\*\*Se un dos ítems é *Entrevista*, so se realizará as persoas que na suma dos méritos obteñan un mínimo de 50 puntos.



**REFERENCIA DA OFERTA** 1023-110532

GALEGO – 11

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTO DE INVESTIGACIÓN	
Denominación do proxecto ou actividade	Apoio da investigación para tarefas de informática
Investigador principal	M <sup>o</sup> Belén Rubio Armesto
Liña de investigación	<b>Servizos científico-técnicos - VICINV: Apoio investigación para tarefas informáticas</b>
Referencia	Convenio Xunta
Departamento	C10 Xeociencias mariñas e ordenación do territorio
Partida orzamentaria	Segundo addendas ao contrato

CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS	
Tipo de contrato	Contratos para a realización de proxectos e para a execución de plans (art 32bis Lei da Ciencia). Duración indefinida
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Apoio da investigación para tarefas de informática
Funcións a realizar	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Apoio aos grupos de investigación sobre os procedementos internos a seguir para a eficiente execución de proxectos de I+D+i.</li> <li>- Desenvolvemento e/ou adaptación de aplicacións informáticas nun entorno web aplicadas a este tipo de proxectos.</li> <li>- Desenvolvemento de páxinas web e administración de plataformas de xestión de contidos.</li> <li>- Xestión de bases de datos e aplicacións.</li> <li>- Soporte a usuarios mediante a utilización de ferramentas e equipos informáticos coma ordenadores, impresoras, equipos de escaneado e dixitalización e outros adecuados aos fins do posto de traballo.</li> <li>- Outras tarefas necesarias relacionadas cos puntos anteriores (preparación de documentación, etc.).</li> </ul>
Retribución bruta mensual	2.400,00 € (incluído o prorrateo das pagas extraordinarias)
Data de inicio prevista	A partir da resolución desta convocatoria. Na data que se establezca na mesma
Xornada laboral	Tempo completo (37.5 h/semana)
Categoría laboral	Técnico Grado Medio de apoio á investigación modalidade C
Centro de traballo	Edificio Filomena Dato - Vigo
Duración do contrato	indefinida

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS	
TITULACIÓN REQUIRIDA	Graduado/a ou equivalente

MÉRITOS A VALORAR***		
ITEM	CONCEPTO	PUNTOS
Item nº1	Titulación universitaria en Enxeñaría informática ou equivalente/afín	20
Item nº2	Experiencia laboral relacionada coas tarefas descritas no perfil técnico do posto	25
Item nº3	Experiencia laboral en universidades ou centros de investigación, non relacionada coas tarefas descritas no perfil técnico do posto	15
Item nº4	Formación específica relacionada co perfil técnico do posto	25
Item nº5	Entrevista persoal	15

COMISIÓN DE SELECCIÓN	
Presidente/a	M <sup>a</sup> Belén Rubio Armesto
Secretario/a	José Juan Pazos Arias
Vogal	Alejandra Vilas Rodríguez
(suplente)	Juan Aguiar Fernández

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato

\*\*\*Se un dos ítems é *Entrevista*, so se realizará as persoas que na suma dos méritos obteñan un mínimo de 50 puntos.



**REFERENCIA DA OFERTA** **1023-109725**

**GALEGO – 12**

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTO DE INVESTIGACIÓN	
Denominación do proxecto ou actividade	AEI-GEN (Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento das actuacións para o impulso da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia no ámbito local)
Investigador principal	Miguel Rodríguez Méndez
Liña de investigación	
Referencia	AEI-GEN
Departamento	X06 Economía aplicada
Partida orzamentaria	L303131H6410311

CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS	
Tipo de contrato	Contrato de duración determinada por circunstancias da produción (máximo 6 meses)
Número de prazas	1
